




Área / Unidade GESTION DE DEPORTES DJ1000 MLL	Documento 2111AI030W	
Código de verificación  5C34 4T1V 6W5M 5I4F 14V3	Expediente 211/2026/203	
	Fecha 21-05-2026	

## BASES REGULADORAS DO PROGRAMA CORUÑA NO MAR 2026

### 1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases regular a convocatoria da Concellería de Deportes para os cursos e actividades correspondentes ao programa municipal “Coruña no Mar”, que se desenvolverá no Concello da Coruña durante os meses de xullo e agosto de 2026.

Todas as publicacións relativas a este proceso se farán na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais. Así mesmo, poderase obter información no teléfono 981 189 800 e no de información cidadá 010.

Todas as datas que se indican nestas bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, se acontecese algún imprevisto nalgunha das fases do procedemento, o Servizo Municipal de Deportes pode cambialas motivadamente, sen necesidade de modificar as presentes bases, sempre e cando se respecten os prazos establecidos para cada trámite e tras a publicación previa na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).

### 2. PERSOAS DESTINATARIAS E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

A convocatoria vai dirixida a toda a cidadanía do Concello da Coruña, atendendo ás franxas de idades e número de prazos dispoñibles para cada un dos cursos e actividades ofertadas no programa, segundo se establece no cadro do **Anexo 1**.

#### 2.1. Serán requisitos para participar:

- 2.1.1. **Saber nadar: deberá nadar polo menos 25 m sen material auxiliar e sen outro tipo de apoio. Realizarase unha proba ao inicio do curso. No caso de non cumprir o requisito, causará baixa automaticamente na actividade, sen dereito a devolución das taxas.**
- 2.1.2. Cumprir coa **idade mínima establecida** para cada curso ou actividade (segundo o cadro do Anexo 1) e considerando a referida á que o/a alumno/a debe ter a 31 de decembro do ano en curso.



## 3. CURSOS E TAXAS

**3.1. Cursos:** as actividades do Programa “Coruña no Mar”, indícanse no cadro do **Anexo 1**, segundo a súa temporalidade.

### 3.2. Frecuencia e prezo:

**3.2.1. CURSOS SEMANAIS** (de cinco días, de luns a venres):

**3.2.1.1. Menores de 18 anos:** : 8,74 €

**3.2.1.2. 18 anos e maiores de 18:** 10,92 €

**3.2.2. Bautismos no Mar: ACTIVIDADES PUNTUAIS** (dun día: mércores, sábado ou domingo):  
8,73 €

Estes prezos estarán regulados pola [Ordenanza Fiscal N.º15 - TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZO EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS](#)

## 4. EQUIPAMENTO E RECOMENDACIÓNS PARA PARTICIPANTES:

**4.1. Indumentaria:** roupa e calzado deportivo, gorra e crema de protección solar. Para as actividades náuticas, deberán levar traxe de baño, toalla e zapato náutico adecuado que suxeite o pé e antiescorregadizo.

**4.2. Recomendacións:** levar un pequeno bidón, cantimplora ou similar irrompible (non se admite de cristal) identificado co seu nome e unha pequena merenda se o considera necesario.

## 5. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

En todo caso terán preferencia as persoas empadroadas no Concello da Coruña.

**5.1. PREINSCRICIÓNS:** Do 27 de maio, ao 31 de maio, ás 23:59 h, a través do formulario en liña que se colgará na páxina web de Deportes do Concello da Coruña [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes). Non se admitirán preinscricións por outros medios.

**5.1.1.** Tendo en conta que as actividades están dirixidas a menores de idade, serán as/os titoras/es legais os/as que realicen a solicitude, e indicarán a orde de preferencia destas.

**5.1.2. Cada menor só poderá constar nunha única solicitude (individual ou familiar). No caso de rexistrar para unha mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última e anularanse de oficio con esta todas as feitas con anterioridade.**

**5.1.3. Solicitude familiar:** para colaborar na conciliación familiar, permítese a solicitude múltiple, na que se deberán reflectir os datos de todos/as os/as menores que queiran



optar á mesma quenda, coa condición de que sexan membros da mesma unidade familiar ou que demostren a convivencia no mesmo domicilio.

**5.1.3.1.** A solicitude familiar permite, nun mesmo formulario, a inscrición de ata 4 familiares. No caso de superar esta cifra, deberá facelo noutro formulario correlativo se desexan optar á mesma quenda.

**5.1.3.2.** No caso de que se presenten solicitudes-formularios diferentes, non se garante a asistencia á mesma quenda.

**5.2. LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITANTES: 2 de xuño a partir das 15:00, publicarase a listaxe provisional de solicitantes.**

**5.3. EMENDA DE ERROS:** abrirase un prazo para a emenda de erros dende que se publique a listaxe provisional de solicitantes e ata o 4 de xuño. As alegacións presentaranse remitindo un correo electrónico ao correo electrónico [programasdeportivos@coruna.gal](mailto:programasdeportivos@coruna.gal).

Durante o prazo de emenda de erros non se permitirá o cambio de opcións de actividade nin se aceptarán novas solicitudes. Só se poderán emendar datos persoais consignados no formulario.

**5.4. LISTAXE DEFINITIVA PARA O SORTEO:** o 5 de xuño, a partir das 13.30 h, publicarase a listaxe corrixida de solicitantes, se procede, coa indicación do número para o sorteo, que será asignado por orde cronolóxica de chegada en orde ascendente, atendendo á marca temporal.

**5.5. SORTEO:** nos supostos en que existan máis solicitudes que prazas ofertadas, o 8 de xuño, ás 12.30 h, e sempre con carácter posterior á publicación da listaxe corrixida, celebrarase un sorteo público para establecer a orde de adxudicación na páxina web <https://echaloasuerte.com> ou a través do procedemento de insaculación. Extraerase un número que establecerá o corte a partir do cal se adxudicarán as prazas.

**5.6. ORDE DE PREFERENCIA:** o número agraciado no sorteo establecerá o corte a partir do cal se adxudicarán as prazas. Para a orde de preferencia, terase en conta:

- 1.º As persoas empadroadas no Concello da Coruña.
- 2.º A orde de preferencia da quenda indicada na solicitude (Opción 1 ou Opción 2).

As persoas que non obtivesen praza neste proceso, pasarán a formar parte da listaxe de agarda.

**5.7. LISTAXE DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTAXE DE AGARDA:** o 9 de xuño de 2026, publicarase a listaxe de adxudicación de prazas e a listaxe de agarda.



## 5.8. MATRÍCULA E FORMALIZACIÓN DAS INSCRICIÓNS:

### 5.8.1. DATAS:

5.8.1.1. Para todas as quedas :do 12 de xuño ao 18 de xuño de 2026, de 8.15 a 13.00 h.

### 5.8.2. LUGAR. Habilitaranse dúas modalidades para formalizar a matrícula:

5.8.2.1. EN LIÑA: a través da plataforma CronosWeb (<https://coruna.gal/CronosWeb/Login>), accedendo de forma identificada.

5.8.2.2. PRESENCIAL: acudindo á caixa do Palacio dos Deportes de Riazor (rúa Manuel Murguía, s/n), en horario das 8.15 ás 13.00 h. Terán preferencia as persoas que concerten unha cita previa [www.citaprevia.coruna.gal](http://www.citaprevia.coruna.gal) (cita previa) e no seu horario. As persoas sen cita previa poderán acudir para matricularse nos horarios que queden dispoñibles. Para que a matrícula sexa efectiva, deberase cubrir o formulario de inscrición e aboar a taxa correspondente.

### 5.8.3. Documentación que debe presentarse para a matrícula

a) Fotocopia do DNI do/a menor de idade (de non telo, do Libro de familia) e do DNI do pai, da nai ou titor/a.

b) Só se procede: informes médicos ou outros.

5.8.4. No caso de non formalizar a matrícula nas datas indicadas, entenderase de oficio que renuncia á praza solicitada.

5.8.5. Só poderá matricularse nun só curso en primeira instancia. Unha vez finalizada a xestión de listaxe de agarda, poderá matricularse naqueles cursos que teñan prazas dispoñibles.

5.9. Xestión da LISTAXE DE AGARDA: do 26 de xuño ao 2 de xullo. Só haberá un único chamamento: todas as persoas que estean na listaxe de agarda recibirán un correo electrónico en que se indique a disposición de prazas libres, as cales se adxudicarán por estrita orde de chegada ás oficinas ata acadar as prazas no curso solicitado.

5.10. Unha vez rematada a xestión da listaxe de agarda, se quedan prazas libres, publicaranse en [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) as prazas dispoñibles e datas de matrícula, que serán adxudicadas por orde de chegada nas oficinas da Cidade Deportiva de Riazor.

5.11. Terán preferencia as persoas que concerten cita na web [www.citaprevia.coruna.gal](http://www.citaprevia.coruna.gal) (cita previa) e no seu horario. As persoas sen cita previa poderán acudir para matricularse nos horarios que queden dispoñibles.

5.12. Enviaráselles aos/ás participantes por correo electrónico a información relativa ao desenvolvemento da actividade.



## 6. OUTRAS DISPOSICIÓNS:

- 6.1. Aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado: a formalización da solicitude de preinscrición e, se for o caso, da matrícula supón a aceptación das normas desta convocatoria.
- 6.2. Coa formalización da matrícula, a persoa solicitante e, de ser o caso, quen posúa a súa garda e custodia ou tutela e dispoña da devandita capacidade xurídica, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso do que o SMD detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa, sen dereito á devolución das taxas aboadas. O SMD, en caso de dúbida, necesidade de aclaración u outras incidencias relativas a esta convocatoria, poderá comprobar de oficio os datos solicitados.
  - 6.2.1. Aclárase que, no caso de cumprir coas bases desta convocatoria, non procederá a súa matrícula.
- 6.3. Coa presentación da solicitude e, se for o caso, a formalización da matrícula, entenderase que a persoa solicitante e, se for o caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e do correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte da empresa que xestiona as EDM.
- 6.4. Se desexa obter factura do pago, deberá marcar a casa correspondente ao realizar a solicitude. A factura emitirase a nome da persoa que faga a matrícula.
- 6.5. Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada.
- 6.6. A convocatoria, bases reguladoras, as listaxes de solicitantes, as listaxes definitivas e o uso de instalacións publicaranse na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e nos taboleiros de anuncio dos centros deportivos. Ademais, poderase obter información no teléfono 010, de atención á cidadanía.
- 6.7. Todas as datas que se indican nestas bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, se acontecese algún imprevisto nalgunha das fases do procedemento, o Servizo Municipal de Deportes pode cambialas motivadamente sen necesidade de modificar as presentes bases; sempre cando se respecten os prazos establecidos para cada trámite e previa publicación na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).
- 6.8. Se fose necesario, comunicarase a ampliación de lugar, datas e horarios de matrículas para posibles incidencias. Será comunicado na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).
- 6.9. O SMD, por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de reaxustar os grupos/quendas e -se fose necesario- deixalos sen efecto; así como convocar de forma extraordinaria un anexo cos novos cursos e



actividades que poidan incrementarse; estes anunciaranse na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e o procedemento de matrícula extraordinario.

- 6.10.** Os/as participantes e, de ser o caso, quen posúa a súa garda e custodia ou a súa tutela, coa formalización da matrícula declara responsablemente que se realizou o recoñecemento médico oportuno e non padece ningunha enfermidade que o/a incapacite para practicar actividade deportiva. De incorrer en falsidade, a persoa será dada de baixa de oficio, sen dereito a devolución das taxas aboadas.

Se padece algún tipo de discapacidade ou existe calquera dato relevante que poida incidir na práctica deportiva, deberá achegar un informe médico dirixido ao SMD no momento da súa matrícula.

No suposto de concorrer algún indicio de que a persoa se poida atopar nalgunha destas circunstancias, o SMD poderá requirirle expresamente que achegue o certificado médico ou un documento equivalente.

- 6.11.** As persoas con discapacidade poderán solicitar praza; para o que terán en conta o seguinte:

**6.11.1.** Son actividades grupais.

**6.11.2.** As persoas que para a súa normalización precisen calquera adaptación ou seguimento, deberán indicalo na solicitude. A súa inclusión nas actividades será canalizada pola coordinación do programa “Coruña no Mar” procurando entre ambas as partes os recursos precisos para facilitar a práctica deportiva.

**6.11.3.** En todo caso, optarán á praza nas mesmas condicións que o resto das persoas solicitantes.

- 6.12. Baixa na actividade:** no caso de querer causar baixa, deberase solicitar expresamente a través das canles postas a disposición polo SMD.

Segundo o artigo 8 da dita ordenanza, “esixírase o depósito previo das taxas correspondentes a ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS no momento de efectuarse a matriculación. Unha vez iniciada a prestación do servizo, a cantidade ingresada en concepto de depósito aplicarase ao importe definitivo da taxa, polo que procederá a súa devolución se o/a alumno/a solicita a baixa na actividade con antelación ao comezo do curso...”.

- 6.13.** Serán de aplicación as normas de uso das instalacións deportivas municipais, EDM e outras actividades aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 20 de xullo de 2007.

- 6.14.** O Concello, a través da empresa concesionaria do contrato de servizos das EDM, dispón dun servizo gratuíto de asistencia médica e hospitalaria, para as persoas participantes nas actividades deportivas que sufran un accidente durante elas e como consecuencia de levar a cabo a actividade incluída na programación prevista. En ningún caso a prestación deste servizo suporá o recoñecemento de responsabilidade municipal sobre a lesión sufrida; senón que o mesmo debe incardinarse na vontade desta Administración de implantar unha práctica deportiva segura e de calidade, que teña activado en todo momento un protocolo que garanta unha atención, inmediata e a curto prazo, da persoa lesionada con servizos especializados en medicina deportiva.



**6.15.** Os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes serán tratados polo Concello da Coruña en calidade de responsable de tratamento con enderezo en María Pita, 1, 15001 A Coruña, coa finalidade de xestionar a prescrición, o rexistro e o desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na necesidade do cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio dos poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos pódense conservar, se for o caso, con fins de arquivo de interese público, investigación científica e histórica ou fins estatísticos. Os seus datos comunicaranse a asociacións e organizacións sen ánimo de lucro, entidades aseguradoras, outros órganos da Administración local e profesionais ou entidades adxudicatarias da prestación do servizo.

**6.16.** Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento, así como a portabilidade de datos presentando un escrito no Rexistro de Entrada do Concello: praza de María Pita, 1. 15001, A Coruña ou na seguinte ligazón: <https://www.coruna.gal/web/es/detalle/ejercicio-de-derechos-sobre-los-datos-de-caracter-personal/contenido/1453762232714>. De ser o caso, poderá contactar coa persoa delegada de protección de datos [delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal).

**6.17.** Pode consultar a información adicional detallada sobre o tratamento dos seus datos na seguinte ligazón: <https://www.coruna.gal/web/gl/rgpd>. A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento.

**6.18.** O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.

O Técnico Superior de Deportes  
Miguel A. López Lorenzo

Conforme  
A Xefa de Servizo de Deportes  
Patricia Vázquez García

## ANEXO 1



# Concello da Coruña

Cursos (Luns a venres)						
Actividade	Datas	Horas/Día	Idades	Prazas	Localización	Entidade
Surf, bodyboard	1ª Quenda: 6 ao 10 de xullo	11:00 a 13:00h	De 10 a 17 anos	12	Praia do Orzán	Brava Surf
Surf, bodyboard	2ª Quenda: 13 ao 17 de xullo	11:00 a 13:00h	De 10 a 17 anos	12	Praia do Orzán	Brava Surf
Surf, bodyboard	3ª Quenda: 20 ao 24 de xullo	11:00 a 13:00h	De 10 a 17 anos	12	Praia do Orzán	Brava Surf
Surf, bodyboard	4ª Quenda: 27 ao 31 de xullo	11:00 a 13:00h	De 10 a 17 anos	12	Praia do Orzán	Brava Surf
Surf, bodyboard	5ª Quenda: 3 ao 7 de agosto	11:00 a 13:00h	De 10 a 17 anos	12	Praia do Orzán	O Son do Mar
Surf, bodyboard	6ª Quenda: 10 ao 14 de agosto	11:00 a 13:00h	De 10 a 17 anos	12	Praia do Orzán	O Son do Mar
Surf, bodyboard	7ª Quenda: 17 ao 21 de agosto	11:00 a 13:00h	De 10 a 17 anos	12	Praia do Orzán	O Son do Mar
Surf, bodyboard	8ª Quenda: 24 ao 28 de agosto	11:00 a 13:00h	De 10 a 17 anos	12	Praia do Orzán	O Son do Mar
Paddlesurf	1ª Quenda: 6 ao 10 de xullo	16:30 a 18:30h	Máis 18 anos	7	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Paddlesurf	2ª Quenda: 13 ao 17 de xullo	16:30 a 18:30h	Máis 18 anos	7	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Paddlesurf	3ª Quenda: 20 ao 24 de xullo	16:30 a 18:30h	Máis 18 anos	7	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Paddlesurf	4ª Quenda: 27 ao 31 de xullo	16:30 a 18:30h	Máis 18 anos	7	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Paddlesurf	5ª Quenda: 3 ao 7 de agosto	16:30 a 18:30h	Máis 18 anos	7	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Paddlesurf	6ª Quenda: 10 ao 14 de agosto	16:30 a 18:30h	Máis 18 anos	7	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Paddlesurf	7ª Quenda: 17 ao 21 de agosto	16:30 a 18:30h	Máis 18 anos	7	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Paddlesurf	8ª Quenda: 24 ao 28 de agosto	16:30 a 18:30h	Máis 18 anos	7	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Vela Lixeira	1ª Quenda: 29 de xuño ao 3 de xullo	16:00 a 18:00h	De 8 a 17 anos	12	Club Marítimo Oza O Puntal	Club Marítimo Oza O Puntal
Vela Lixeira	1ª Quenda: 29 de xuño ao 3 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 18 anos	6	Club Marítimo Oza O Puntal	Club Marítimo Oza O Puntal
Vela Lixeira	2ª Quenda: 6 ao 10 de xullo	16:00 a 18:00h	De 8 a 17 anos	12	Club Marítimo Oza O Puntal	Club Marítimo Oza O Puntal
Vela Lixeira	2ª Quenda: 6 ao 10 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 18 anos	6	Club Marítimo Oza O Puntal	Club Marítimo Oza O Puntal
Vela Lixeira	3ª Quenda: 13 ao 17 de xullo	16:00 a 18:00h	De 8 a 17 anos	12	Club Marítimo Oza O Puntal	Club Marítimo Oza O Puntal
Vela Lixeira	3ª Quenda: 13 ao 17 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 18 anos	6	Club Marítimo Oza O Puntal	Club Marítimo Oza O Puntal
Vela Lixeira	4ª Quenda: 20 ao 24 de xullo	16:00 a 18:00h	De 8 a 17 anos	12	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Vela Lixeira	4ª Quenda: 20 ao 24 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 18 anos	6	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Vela Lixeira	5ª Quenda: 27 ao 31 de xullo	16:00 a 18:00h	De 8 a 17 anos	12	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Vela Lixeira	5ª Quenda: 27 ao 31 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 18 anos	6	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Vela Lixeira	6ª Quenda: 3 ao 7 de agosto	16:00 a 18:00h	De 8 a 17 anos	12	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Vela Lixeira	6ª Quenda: 3 ao 7 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 18 anos	6	Club Náutico Marina Coruña	Club Náutico Marina Coruña
Vela Lixeira	7ª Quenda: 10 ao 14 de agosto	16:00 a 18:00h	De 8 a 17 anos	12	Real Club Náutico de La Coruña	Real Club Náutico de La Coruña
Vela Lixeira	7ª Quenda: 10 ao 14 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 18 anos	6	Real Club Náutico de La Coruña	Real Club Náutico de La Coruña
Vela Lixeira	8ª Quenda: 17 ao 21 de agosto	16:00 a 18:00h	De 8 a 17 anos	12	Real Club Náutico de La Coruña	Real Club Náutico de La Coruña
Vela Lixeira	8ª Quenda: 17 ao 21 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 18 anos	6	Real Club Náutico de La Coruña	Real Club Náutico de La Coruña
Vela Lixeira	9ª Quenda: 24 ao 28 de agosto	16:00 a 18:00h	De 8 a 17 anos	12	Real Club Náutico de La Coruña	Real Club Náutico de La Coruña
Vela Lixeira	9ª Quenda: 24 ao 28 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 18 anos	6	Real Club Náutico de La Coruña	Real Club Náutico de La Coruña
Windsurf	1ª Quenda: 6 ao 10 de xullo	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza	Club de Vela Playa Oza
Windsurf	2ª Quenda: 13 ao 17 de xullo	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza	Club de Vela Playa Oza
Windsurf	3ª Quenda: 20 ao 24 de xullo	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza	Club de Vela Playa Oza
Windsurf	4ª Quenda: 27 ao 31 de xullo	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza	Club de Vela Playa Oza
Windsurf	5ª Quenda: 3 ao 7 de agosto	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza	Club de Vela Playa Oza
Windsurf	6ª Quenda: 10 ao 14 de agosto	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza	Club de Vela Playa Oza
Windsurf	7ª Quenda: 17 ao 21 de agosto	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza	Club de Vela Playa Oza
Windsurf	8ª Quenda: 24 ao 28 de agosto	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza	Club de Vela Playa Oza
Piragüismo	1ª Quenda: 6 ao 10 de xullo	16:00 a 18:00h	De 6 a 20 anos	12	Base Náutica Praia de Oza	Sociedade Deportiva As Xubias
Piragüismo	2ª Quenda: 13 ao 17 de xullo	16:00 a 18:00h	De 6 a 20 anos	12	Base Náutica Praia de Oza	Sociedade Deportiva As Xubias
Piragüismo	3ª Quenda: 20 ao 24 de xullo	16:00 a 18:00h	De 6 a 20 anos	12	Base Náutica Praia de Oza	Sociedade Deportiva As Xubias
Piragüismo	4ª Quenda: 27 ao 31 de xullo	16:00 a 18:00h	De 6 a 20 anos	12	Base Náutica Praia de Oza	Sociedade Deportiva As Xubias
Piragüismo	5ª Quenda: 3 ao 7 de agosto	16:00 a 18:00h	De 6 a 20 anos	12	Base Náutica Praia de Oza	Sociedade Deportiva As Xubias
Piragüismo	6ª Quenda: 10 ao 14 de agosto	16:00 a 18:00h	De 6 a 20 anos	12	Base Náutica Praia de Oza	Sociedade Deportiva As Xubias
Piragüismo	7ª Quenda: 17 ao 21 de agosto	16:00 a 18:00h	De 6 a 20 anos	12	Base Náutica Praia de Oza	Sociedade Deportiva As Xubias
Piragüismo	8ª Quenda: 24 ao 28 de agosto	16:00 a 18:00h	De 6 a 20 anos	12	Base Náutica Praia de Oza	Sociedade Deportiva As Xubias
<b>Prazas Cursos</b>				<b>458</b>		

COPIA AUTÉNTICA. El documento está pendiente de firmas adicionales para su aprobación. Mediante el código de verificación 2H0JAJ2U4H6X2O2F0YN7 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web <https://sede.coruna.gal>



# Concello da Coruña

<b>Xornadas (Fin de semana)</b>						
<b>Actividade</b>	<b>Datas</b>	<b>Horas/Día</b>	<b>Idades</b>	<b>Prazas</b>	<b>Localización</b>	<b>Entidade</b>
Natación Aguas Abertas	Sábado 4 de xullo	10:00 a 12:00h	Máis 17 anos	12	Zona Baño Dársena Parrote	Club Hércules XTRM
Natación Aguas Abertas	Sábado 4 de xullo	12:00 a 14:00h	8 a 17 anos	10	Zona Baño Dársena Parrote	Club Hércules XTRM
Natación Aguas Abertas	Sábado 18 de xullo	10:00 a 12:00h	Máis 17 anos	12	Zona Baño Dársena Parrote	Club Hércules XTRM
Natación Aguas Abertas	Sábado 18 de xullo	12:00 a 14:00h	8 a 17 anos	10	Zona Baño Dársena Parrote	Club Hércules XTRM
Natación Aguas Abertas	Sábado 1 de agosto	10:00 a 12:00h	Máis 17 anos	12	Zona Baño Dársena Parrote	Club Hércules XTRM
Natación Aguas Abertas	Sábado 1 de agosto	12:00 a 14:00h	8 a 17 anos	10	Zona Baño Dársena Parrote	Club Hércules XTRM
Natación Aguas Abertas	Sábado 15 de agosto	10:00 a 12:00h	Máis 17 anos	12	Zona Baño Dársena Parrote	Club Hércules XTRM
Natación Aguas Abertas	Sábado 15 de agosto	12:00 a 14:00h	8 a 17 anos	10	Zona Baño Dársena Parrote	Club Hércules XTRM
Kayak de Mar	Sábado 4 de xullo	10:00 a 12:00h	Máis 12 anos	10	Club do Mar de San Amaro	Club del Mar de San Amaro
Kayak de Mar	Sábado 18 de xullo	10:00 a 12:00h	Máis 12 anos	10	Club do Mar de San Amaro	Club del Mar de San Amaro
Kayak de Mar	Sábado 1 de agosto	10:00 a 12:00h	Máis 12 anos	10	Club do Mar de San Amaro	Club del Mar de San Amaro
Kayak de Mar	Sábado 15 de agosto	10:00 a 12:00h	Máis 12 anos	10	Club do Mar de San Amaro	Club del Mar de San Amaro
Kayak de Mar	Sábado 29 de agosto	10:00 a 12:00h	Máis 12 anos	10	Club do Mar de San Amaro	Club del Mar de San Amaro
Pesca Fondeada	Domingo 5 de xullo	10:00 a 13:00h	Máis 8 anos	8	Dársena da Mariña	Club del Mar de San Amaro
Pesca Fondeada	Domingo 12 de xullo	10:00 a 13:00h	Máis 8 anos	8	Dársena da Mariña	Club del Mar de San Amaro
Pesca Fondeada	Domingo 26 de xullo	10:00 a 13:00h	Máis 8 anos	8	Dársena da Mariña	Club del Mar de San Amaro
Pesca Fondeada	Domingo 9 de agosto	16:00 a 19:00h	Máis 8 anos	8	Dársena da Mariña	Club del Mar de San Amaro
Pesca Fondeada	Domingo 23 de agosto	16:00 a 19:00h	Máis 8 anos	8	Dársena da Mariña	Club del Mar de San Amaro
	<b>Prazas Xornadas</b>			<b>178</b>		